REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 04.05.2017 Hora: 16:00

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de maio de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais en Comisión

1 3851 (10/POC-000663)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da evolución que presenta a sinistralidade laboral en Galicia, así como o número de falecementos por accidente laboral, o reforzo do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o impulso da posta en marcha da estratexia galega na materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

2 4962 (10/POC-000864)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Sanidade para puntuar o proxecto presentado pola Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Chantada no ano 2016 e denegarlle a subvención solicitada para o desenvolvemento do seu labor social
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

3 5816 (10/POC-001017)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a existencia de axendas pechadas no sistema de programación de citas do Sergas, a espera existente en cita para a primeira consulta, proba diagnóstica e cirurxía e as razóns que hai para non incluír nas axendas as citas solicitadas polos doentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

4 7218 (10/POC-001255)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o mantemento dos usos sanitarios do anexo I do antigo Hospital Xeral de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

5 7300 (10/POC-001270)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as razóns do baixo nivel de execución que presentan no ano 2015 os programas vinculados ao emprego e a opinión do Goberno galego respecto do alcance do obxectivo político que tiñan fixado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

6 7531 (10/POC-001303)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o motivo polo que se desbota o edificio Xeral Cíes para uso público sanitario ou sociosanitario, e a posibilidade da súa adquisición pola Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.05.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 04.05.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.1 3851(10/POC-000663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da evolución que presenta a sinistralidade laboral en Galicia, así como o número de falecementos por accidente laboral, o reforzo do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o impulso da posta en marcha da estratexia galega na materia

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 13:11
Nº Rexistro: 3851
Data envio: 20/01/2017 13:11:06.663

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Segundo reflicten os datos oficiais do Ministerio de Emprego, en 2015 un total de 58 persoas faleceron en Galicia por accidente laboral.

En 2016, entre xaneiro e setembro producíronse na nosa comunidade 52 mortes en accidente de traballo. Se en 2015 houbo case cinco falecementos cada mes, ata setembro do ano 2016 a media achégase aos seis. En total, nos nove primeiros meses producíronse en Galicia 20.607 accidentes laborais con baixa, 404 deles considerados graves.

Galicia soporta un índice de mortalidade no traballo moi superior ao do conxunto do Estado. Esta realidade contrasta co feito de que na nosa comunidade se producen menos accidentes laborais que no resto do Estado. En 2015 foron un total de 24.411, ao redor do 5 % dos rexistrados no conxunto de España (449.223). Pola contra, as mortes superaron amplamente o 10 % do total (57 de 500). Por sectores, o problema afecta, sobre todo, ao da pesca -con 20 falecidos en 2014-, seguido da industria (10) e a construción (9). O sector servizos, que ocupa a seis de cada dez traballadores e traballadoras, sumou 16 mortes. Iso si, mentres que na industria e na construción o número de mortes se reduciu á metade na última década, isto non sucede no sector pesqueiro e marisqueiro, que mantén as súas cifras.Por sectores, o problema afecta, sobre todo, ao da pesca -con 20 falecidos en 2014-, seguido da industria (10) e a construción (9).

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores.O Grupo Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da sinistralidade

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 13:11
Nº Rexistro: 3851
Data envio: 20/01/2017 13:11:06.663

laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Fronte a isto, dende a Xunta de Galicia vén producindo o longo destes derradeiros anos, unha redución constante dos orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), a favor da seguridade e saúde no traballo, que pasaron dos 7.383.000 € no ano 2011, aos 5.638.000 € previstos para o 2016, o que supón unha redución de practicamente o 24 %.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución da siniestralidade laboral en Galicia?
2. Ten previsto o Goberno galego poñer en marcha medidas para reducir o número de falecementos causados por accidente laboral?
3. En caso afirmativo, que medidas ten previsto implementar?
4. Que cronograma ten previsto o Goberno galego para a adopción de medidas que reduzan a siniestralidade laboral en Galicia?
5. Por que reduciu a Xunta de Galicia a partida orzamentaria dedicada a prevención de riscos laborais?
6. Ten previsto o Goberno galego reforzar o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) como ente independente, técnico e investigador en materia de saúde laboral?
7. Vai a Xunta de Galicia durante a X Lexislatura a potenciar a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 13:11
Nº Rexistro: 3851
Data envio: 20/01/2017 13:11:06.663

Grupo Parlamentario

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 13:02:43

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/01/2017 13:02:49

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2017 13:02:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 04.05.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.2 4962(10/POC-000864)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Sanidade para puntuar o proxecto presentado pola Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Chantada no ano 2016 e denegarlle a subvención solicitada para o desenvolvemento do seu labor social

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:33
Nº Rexistro: 4962
Data envio: 13/02/2017 13:33:52.532

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 5.ª.

A Asociación Alcohólicos Rehabilitados de Chantada (ARCHA) é unha entidade sen ánimo de lucro que vén desenvolvendo unha importante labor social na comarca de Chantada dende 1993.

A Asociación dispón dun local do Concello de Chantada e conta con dúas profesionais –traballadora social e psicóloga- que se ocupan de impulsar terapias e programas específicos para as persoas con problemas de alcoholismo, financiándose, fundamentalmente, até o de agora, coas achegas das Consellerías de Sanidade e/ou Política Social da Xunta de Galiza.

No ano 2016, á asociación ARCHA foille denegada a subvención da Consellería de Sanidade sen xustificación fundada por parte da Xunta, xa que a asociación cumpría os mesmos requirimentos que anos anteriores e as condicións da subvención non variaran.

O financiamento por parte da Xunta é fundamental para esta asociación, dado que as persoas usuarias dos seus servizos non poden facerse cargo dunha cota de asociado/a, pois son na súa maioría persoas con escasos recursos económicos e que, en xeral, prefiren manterse no anonimato.

A asociación ten consolidado o seu traballo na comarca e cumpre unha función fundamental que non cubre a Administración, dado que a Unidade Asistencial de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:33
Nº Rexistro: 4962
Data envio: 13/02/2017 13:33:52.532

Drogodependencias máis próxima, en Monforte, está demasiado lonxe da comarca chantadina como para cubrir de xeito completo o servizo que desenvolve a asociación, sendo esta labor complementaria ao labor da UAD.

Ademais, a asociación leva adiante programas específicos de loita contra o estigma das mulleres ex-alcohólicas ou de prevención de consumo entre adolescentes.

Polos motivos expostos, ARCHA tivo que recorrer a unha subvención directa excepcional outorgada pola Deputación de Lugo para garantir o programa de prevención e tratamento psicosocial do alcoholismo que ARCHA desenvolve na bianualidade 2016-2017.

En atención ao referido, a deputada que subscribe presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que criterios se tiveron en conta para puntuar a calidade do proxecto presentado por ARCHA Asociación Alcohólicos Rehabilitados de Chantada e denegarlle a subvención?

- Considera a Xunta que é xusto que ARCHA Asociación Alcohólicos Rehabilitados de Chantada quede sen financiamento autonómico para desenvolver a súa labor social de rehabilitación de persoas alcohólicas e de prevención do consumo de alcohol na sociedade?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:33
Nº Rexistro: 4962
Data envio: 13/02/2017 13:33:52.532

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2017 13:33:14

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 04.05.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.3 5816(10/POC-001017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a existencia de axendas pechadas no sistema de programación de citas do Sergas, a espera existente en cita para a primeira consulta, proba diagnóstica e cirurxía e as razóns que hai para non incluír nas axendas as citas solicitadas polos doentes

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:04
Nº Rexistro: 5816
Data envio: 28/02/2017 13:04:03.634

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O barómetro sanitario máis recente publicado polo CIS apunta que o sistema público de saúde de Galicia obtén unha das valoracións máis baixas de toda España. Un dos problemas sinalados pola enquisa, e que se corresponde coa opinión social estendida, é que as esperas para a Atención especializada hospitalaria é un elemento claramente negativo. Así, soamente 3 de cada 20 persoas apuntan que a Atención especializada mellorou nos últimos 5 anos, fronte aos outros 17 que non o afirman.

Os datos oficiais emitidos polo propio Sergas sobre as listas de espera (decembro 2016) apuntan que varios dos servizos de diversas EOXI teñen demoras moi superiores ás establecidas pola Lei de garantías de prestacións sanitarias, elaborada e aprobada polo propio Partido Popular para determinar a acción da Xunta de Galicia en termos de espera, e abrir a porta á derivación cara a sanidade privada cando as esperas superen os criterios marcados.

A pesar de todo isto, os datos oficiais soamente inclúen os das citas xa marcadas, ben sexa para primeira consulta, proba diagnóstica ou cirurxía. Os e as pacientes, non entanto, non reciben sempre no primeiro momento a cita para a súa consulta, proba ou cirurxía. En moitas ocasións reciben a indicación de que serán chamados para fixar esta data, con posterioridade a que a soliciten, normalmente baixo a explicación de que as axendas están pechadas. Este sistema permitiría non incluír estas e estes pacientes para ser contabilizados de cara a emisión de cifras oficiais sobre as listas de espera, o que suporía a existencia de datos enganosos sobre o estado do sistema e das esperas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 13:04
Nº Rexistro: 5816
Data envio: 28/02/2017 13:04:03.634

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Existen as axendas pechadas no sistema de programación de citas do Sergas?
2. Canta xente está á espera de ser marcada a cita solicitada para primeira consulta?
3. Canta xente está á espera de ser marcada a cita solicitada para proba diagnóstica?
4. Canta xente está á espera de ser marcada a cita solicitada para cirurxía?
5. Por que non son automaticamente axendadas as citas solicitadas polos pacientes nos centros do Sergas?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 12:57:45

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 12:57:58

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 04.05.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.4 7218(10/POC-001255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o mantemento dos usos sanitarios do anexo I do antigo Hospital Xeral de Vigo

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 17:55
Nº Rexistro: 7218
Data envio: 29/03/2017 17:55:13.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao mantemento de usos sanitarios do anexo I do antigo Hospital Xeral de Vigo.

Segundo as informacións recollidas en prensa parece que nos vindeiros meses vaise iniciar a demolición do antigo Hospital de Xeral de Vigo, contemplándose só o mantemento do chamado anexo II para usos sanitarios.

Sendo notoria a carencia de servizos socio-sanitarios na área sanitaria de Vigo, dende o BNG consideramos que constitúe un auténtico despilfarro prescindir na súa totalidade do resto das instalacións do antigo hospital. Ditas instalacións presentan numerosas zonas reformadas ou seminovas que, como no caso do anexo I, ben poderían continuar a prestar servizos deste tipo, tal e como están a demandar tanto profesionais sanitarios como @s representantes veciñais das inmediacións do antigo hospital.

No caso do anexo I, semella estar previsto derrubar este espazo para a construción do aparcadoiro da futura "Cidade da Xustiza" o que suporía a perda definitiva deste espazo dotacional para usos sanitarios ou socio-sanitarios.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 17:55
Nº Rexistro: 7218
Data envio: 29/03/2017 17:55:13.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Está tomada definitivamente a decisión de prescindir do anexo I do antigo Hospital Xeral de Vigo para usos sanitarios?

2.- De ser así, que razóns xustifican, ou amparan, a toma desta decisión por parte da Xunta de Galiza?

3.- Tense explorado posíbeis alternativas para a construción do citado aparcadoiro que eviten o derrubo do anexo I?

4.- Existe algunha posibilidade de que reconsideren a súa posición e se manteña o anexo I como dotación sanitaria?

5.- Considera a Xunta de Galiza que a dotación sanitaria da Área de Vigo é suficiente para atender as necesidades de asistencia da poboación da mesma como para prescindir destas instalación?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 17:55
Nº Rexistro: 7218
Data envio: 29/03/2017 17:55:13.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2017 17:44:58

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2017 17:45:32

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2017 17:45:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2017 17:45:39

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2017 17:45:43

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2017 17:45:46

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 04.05.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.5 7300(10/POC-001270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do baixo nivel de execución que presentan no ano 2015 os programas vinculados ao emprego e a opinión do Goberno galego respecto do alcance do obxectivo político que tiñan fixado

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 11:06
Nº Rexistro: 7300
Data envio: 30/03/2017 11:06:39.151

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao baixo nivel de execución orzamentaria dos programas ligados ao emprego.

O "Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2015" amósanos que o grado de execución dos orzamentos dese ano foi do 97,7%. A pesares de tratarse dun grado de execución significativamente máis alto que o ano anterior, se realizamos un estudo pormenorizado do grao de execución, observamos como algunhas consellerías, áreas ou programas presentan unha moi baixa execución, lastrando así o cumprimento dos seus obxectivos. É precisamente a Consellería de Traballo e Benestar a que menor grado de execución presenta, que cun 87,5% é a única que non acada o 90% de execución.

Dos programas con moi baixa execución destacan especialmente os ligados ao fomento do emprego, que ademais polo xeral presentan un grado de execución moito menor ao do 2014, presentando uns graos de execución realmente preocupantes: o programa de mellora e fomento da empregabilidade executou o 53,4% do seu orzamento, a intermediación e inserción laboral un 47,8%, a formación profesional de desempregados un 55,2%, a mellora da cualificación do emprego un 38,3% e a promoción do emprego autónomo un 30,6%.

Polo tanto, os datos de execución para o ano 2015 amosan unha deficiente práctica e xestión orzamentaria. Resulta evidente que ante tan baixos grados de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 11:06
Nº Rexistro: 7300
Data envio: 30/03/2017 11:06:39.151

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución orzamentaria dificilmente se puido conseguir os obxectivos de fomento do emprego, inserción laboral, formación, etc. contemplados nestes programas.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-A que razón atribúe a Xunta de Galiza que as partidas ligadas ao emprego sexan, con diferenza as de menor execución orzamentaria?

-A que razón atribúe a Xunta de Galiza que, a pesares de que a execución global do orzamento incrementouse no 2015, varios programas ligados ao emprego experimentaron un forte descenso?

-Considera a Xunta de Galiza que o grao de execución dos citados programas correspóndese cunha boa práctica e xestión orzamentaria?

-A que cree a Xunta de Galiza que é debido o nivel tan baixo de execución dos programas citados?

-Cree a Xunta de Galiza que os programas que amosan baixos graos de execución acadaron o obxectivo político que tiñan asignado?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 11:06
Nº Rexistro: 7300
Data envio: 30/03/2017 11:06:39.151

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/03/2017 10:52:52

Noa Presas Bergantiños na data 30/03/2017 10:53:22

Olalla Rodil Fernández na data 30/03/2017 10:53:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/03/2017 10:53:30

Xosé Luis Bará Torres na data 30/03/2017 10:53:34

Ana Pontón Mondelo na data 30/03/2017 10:53:37

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 04.05.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.6 7531(10/POC-001303)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o motivo polo que se desbota o edificio Xeral Cíes para uso público sanitario ou sociosanitario, e a posibilidade da súa adquisición pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7531
Data envio: 03/04/2017 19:21:12.840

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Fai unha semana coñecíamos a noticia de que a Tesourería da Seguridade Social poxará o edificio do Xeral Cíes o próximo 15 de maio polo prezo de 3.552.500 euros, un prezo ínfimo tendo en conta que estamos falando dun hospital, dotado de material sanitario como por exemplo quirófanos e cunha superficie de 3.677 metros cadrados, compostos segundo rexistro de dúas fincas urbanas, edificio e terreo que constitúe unha parcela de 2.119 metros cadrados.

Sen dúbida, esta noticia apunta a unha perda mais de patrimonio público que podería ser empregado en uso sanitario ou sociosanitario e que previsiblemente, tendo en conta a política do Partido Popular rematará en mans privadas por un prezo de inicio que non é representativo do seu valor real.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- **Cal é o motivo de ter desbotado o edificio Xeral Cíes para uso público sanitario ou sociosanitario cando non houbo planificación de área sanitaria posterior á apertura do NHV?**

- **Vai a presentarse a Xunta á poxa para adquirir o edificio do Xeral Cíes?**

- **Considera a Xunta de Galicia que existe suficiente dotación sanitaria para atender ás necesidades da Área sanitaria de Vigo para prescindir dun edificio con esas características?**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7531
Data envio: 03/04/2017 19:21:12.840

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernádez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/04/2017 19:12:41